

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2º E. PRIMARIA -Curso 2022/23

CENTRO: CEIP ROSALÍA DE CASTRO

INDICE

- CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
- OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA E COMPETENCIAS CLAVE	3
- ÁREAS DE APRENDIZAXE	
- Área de matemáticas	7
- Área de lingua castelá	13
- Área lingua galega.....	20
- Área ciencias sociais	27
- Área ciencias naturais	32
- Área educación artística(educación plástica).	36
- Área valores	39

- METODOLOGÍA.....	44
- RECURSOS.....	48
- TEMPORALIZACIÓN.....	51
- AVALIACIÓN INICIAL.....	52
- CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	54
- <i>AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.....</i>	<i>61</i>
-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	63
-ELEMENTOS TRANSVERSAIS	68
-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	72
-MECANISMOS DE REVISIÓN.	73

CONTEXTUALIZACIÓN

A Programación Didáctica presente vaise desenvolver no CEIP Rosalía de Castro, situado nun barrio de clase media da localidade de A Coruña.

É un Centro que conta con 3 aulas de E. Infantil e 8 de Primaria, biblioteca, ximnasio, patio de Infantil e de Primaria, aula de Música, aula de Informática e algúns espazos polivalentes. Así mesmo presta atención de comedor e desenvolve actividades extraescolares xestionados pola ANPA.

As características máis salientables do grupo-clase de Segundo de Primaria son as seguintes.

- Grupo formado por 18 alumnos.
- Unha alumna é de nova incorporación e tres dos alumnos incorporáronse ao longo do curso anterior en diferentes trimestres procedentes doutros países.
- Un dos alumnos repite 2º de Primaria.
- Varios alumnos precisan unha atención individualizada e reforzo constante para achegarse ao ritmo do resto do grupo.
- Varios alumnos precisan atención de AL.
- Grupo moi heteroxéneo en canto a madurez e a nivel académico.
- En xeral, a colaboración das familias é boa.

OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA E COMPETENCIAS CLAVE

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lle permitan acadar os seguintes obxectivos relacionados coas competencias clave:

OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA	COMPETENCIAS CLAVE
a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio	Competencia social e cívica(CSC)

activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.	
b)Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo , así como actitudes de confianza en si mesmo/-a , sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.	Competencia aprender a aprender(CAA) Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor(CSIEE)
c)Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.	Competencia social e cívica (CSC)
d)Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.	Competencia social e cívica (CSC)
e)Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas linguas.	Competencia comunicación lingüística(CCL)
f)Adquirir en , polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.	Competencia comunicación lingüística (CCL)
g)Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCT)
h)Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, e xeografía , a historia e a cultura, con especial	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCT)

atención aos relacionados con Galicia.	Competencia social e cívica(CSC) Competencia en conciencia e expresións culturais(CCEC)
i)Iniciarse na utilización para a aprendizaxe , das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.	Competencia dixital(CD)
j)Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.	Competencia en conciencia e expresións culturais(CCEC)
k)Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCT) Competencia social e cívica(CSC)
l)Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCT)
m)Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.	Competencia social e cívica (CSC)
n)Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.	Competencia social e cívica(CSC)
o)Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas , físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.	Competencia comunicación lingüística(CCL) Competencia social e cívica(CSC)

COMPETENCIAS CLAVE

As competencias básicas son sete:

-Comunicación lingüística(CCL): refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de maneira oral ou escrita.

-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.(CMCT):a primeira son capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea, a competencia tecnolóxica , e como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanas.

-Competencia dixital.(CD):implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.

-Aprender a aprender.(CAA):desenvolver a capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo ,e traballar de xeito individual ou colaborativo para acadar un obxectivo.

-Competencias sociais e cívicas.(CSC):capacidades para relacionarse coas persoas e participar de xeito activo, participativo e democrático na vida social e cívica.

-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.(CSIEE):habilidades necesarias para converter as ideas en actos ,como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

-Conciencia e expresións culturais.(CCEC):capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música , as artes plásticas e escénicas ou literatura.

Área de matemáticas

AREA	MATEMÁTICAS		CURSO	1Tr	2Tr	3Tr	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe				Competencias clave
BLOQUE 1.PROCESOS , MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS							
g e	B1.1. Resolución de problemas que impliquen a realización de cálculos, explicando oralmente o significado dos datos, a situación planeada, o proceso seguido e as solucións obtidas.	B1.1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución.	MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.	X	X	X	- CMCT - CCL
b g	B1.2. Conianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.	X	X	X	- CMCT - CAA
b g i	B1.3. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.	B1.3. Utilizar, coa guía do mestre ou da mestra, os medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe e para a resolución de problemas.	MTB1.3.1. Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.	X	X	X	- CMCT - CD - CAA
BLOQUE 2. NÚMEROS							
b e g	B2.1. Números naturais ata o 999. B2.2. Nome e grafa dos números ata o 999. B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas e centenas B2.4. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras. B2.5. Identifica o número anterior e o seguinte a un dado. B2.6. Identifica o número maior, o menor e o igual a un dado. B2.7. Redondear, aproximar e estimar. B2.8. Construción de series ascendentes e descendentes.	B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999. MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.	X	X	X	- CMCT - CCL - CMCT - CAA - CMCT - CAA
b e g	B2.9. Números pares e impares. B2.10. Identifica e relaciona os números ordinais do 1º ao 10º. B2.11. Utilización dos números ordinais.	B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais. MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.		X	X	- CMCT - CMCT - CAA - CCL

	Comparación de números. B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas e centenas.		MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	X	X	X	- CMCT
			MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares	X	X	X	- CMCT
b g	B2.12. Iniciación no desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental. B2.13. Gusto pola presentación ordenada e limpa dos cálculos e dos resultados. B2.14. Cálculo de sumas e restas con levadas. B2.15. Propiedades conmutativa e asociativa da suma. B2.16. Proba da resta. B2.17. Cálculo de multiplicacións. B2.18. Construción das táboas de multiplicar e apoiándose no número de veces, suma repetida, disposición en cuadrículas... B2.19. Termos da suma, resta e multiplicación.	B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.	X	X	X	- CMCT - CAA
			MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.		X	X	- CMCT - CAA
			MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental.	X	X	X	- CMCT - CAA
	B2.20. Utilización en situacións familiares da sumas, restas e multiplicacións.						
b g	B2.21. Resolución de problemas da vida cotiá.	B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	X	X	X	- CMCT - CAA
			MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	X	X	X	- CMCT - CSIEE - CAA
BLOQUE 3. MEDIDA							
g	B3.1. Unidades de lonxitude: quilómetro, metro e centímetro.	B3.1. Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.	MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.			X	- CMCT
	B3.2. Unidades de peso: quilo, medio quilo e	B3.2. Coñecer e utilizar o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.	MTB3.2.1. Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.			X	- CMCT

	<p>cuarto de quilo.</p> <p>B3.3. Unidades de capacidade: litro, medio litro e cuarto de litro.</p> <p>B3.4. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.</p> <p>B3.5. Realización de medicións.</p>	<p>B3.3. Coñecer e utilizar o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade.</p>	<p>MTB3.3.1. Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade</p>			X	- CMCT
b g	<p>B3.6. Unidades de medida do tempo e as súas relacións: minuto, hora, día, semana e ano.</p> <p>B3.7. Lectura en reloxos analóxicos e dixitais</p>	<p>B3.4. Coñece as unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.</p>	<p>MTB3.4.1. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos)</p> <p>MTB3.4.2. Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súas relacións.</p>	X	X		- CMCT
b g	<p>B3.8. O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes.</p> <p>B3.9. Manexo de prezos de artigos cotiáns</p> <p>B3.10. Equivalencias entre moedas e billetes.</p>	<p>B3.5. Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.</p>	<p>MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.</p>		X		- CMCT - CAA - CSC
b g	<p>B3.11. Resolución de problemas de medida.</p>	<p>B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.</p> <p>MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.</p>		X	X	- CMCT - CAA
				X	X	X	- CMCT - CAA - CSIEE
BLOQUE 4. XEOMETRÍA							
g	<p>B4.1. Elaboración de simetrías sinxelas.</p> <p>B4.2. Eixes de simetría.</p>	<p>B4.1. Identificar e completar figuras simétricas.</p>	<p>MTB4.1.1. Completa figuras partindo do seu eixe de simetría.</p>		X		- CMCT

b g	B4.3. Identificación comparación e clasificación de figuras planas en obxectos e ámbitos cotiáns: triángulos, cuadriláteros, circunferencias, círculos e cadrados. B4.4. Tipos de triángulos: equilátero, isóscele e escaleno. B4.5. Elementos xeométricos básicos: lado, vértice e ángulo.	B4.2. Nomear un polígono segundo o seu número de lados.	MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.	X	X	X	- CMCT - CAA
b g	B4.6. Identificación de corpos xeométricos en obxectos e ámbitos cotiáns: prisma, pirámide, cono, cilindro e esfera. B4.7. Formación de figuras planas e corpos xeométricos a partir doutras por composición e descomposición.	B4.3. Discriminar prismas, pirámides, conos, cilindros e esferas.	MTB4.3.1. Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.		X	X	- CMCT - CAA
b g	B4.8. Interpretación, descrición e elaboración de esbozos de itinerarios sinxelos. B4.9. Uso de vocabulario xeométrico para describir itinerarios.	B4.4. Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.	MTB4.4.1. Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos.		X	X	- CMCT - CAA
b g	B4.10. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá explicando oralmente por escrito o procedemento seguido e as solución obtidas.	B4.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB4.5.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.	X	X	X	- CMCT - CAA
			MTB4.5.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	X	X	X	- CMCT - CAA - CSIEE
BLOQUE 5. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE							
b g	B5.1. Interpretación de diferentes gráficos: de barras, de barras dobres, de pictogramas e estadísticas. B5.2. Utilización de técnicas para a recollida e ordenación de datos en contextos familiares e próximos.	B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas... comunicando a información.	MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.			X	- CMCT - CAA
			MTB5.1.2. Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos.			X	- CMCT - CAA
b g	B5.3. Distinción entre o imposible, o seguro e aquilo que é posible pero non seguro, e utilización na linguaxe habitual e de expresións relacionadas coa probabilidade.	B5.2. Realizar estimacións en situacións de azar utilizando o vocabulario: seguro, posible e imposible.	MTB5.2.1. Diferenza o concepto de suceso seguro, suceso posible e suceso imposible.			X	- CMCT - CAA

MÍNIMOS ESIXIBLES

ÁREA: MATEMÁTICAS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS BÁSICAS
BLOQUE 1.PROCESOS , MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS	-B.1.2.Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	MTB1.2.1.Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.	- CMCT - CAA
BLOQUE 2.NÚMEROS	-B.2.1.Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1.Le, escribe e ordena números ata o 999.	- CMCT - CCL
		MTB2.1.3.Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.	- CMCT - CAA
	B2.2.Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.3.Descompón e compón números naturais , interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	- CMCT
		MTB2.2.4.Identifica os números pares e os impares.	- CMCT
	B2.3.Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.1.Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.	- CMCT - CAA
		MTB2.3.2.Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	- CMCT - CAA
		MTB2.3.3.Resolve operacións con cálculo mental.	- CMCT - CAA
B2.4.Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.4.1.Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	- CMCT - CAA	
BLOQUE 3.MEDIDA	B.3.1.Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro	MTB3.1.1.Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de	- CMCT

	como unidades de medida de lonxitude.	medida de lonxitude.	
	B3.2.Coñecer e utilizar o quilo ,o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.	MTB3.2.1.Coñece e utiliza o quilo , o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.	- CMCT
	B3.3.Coñecer e utilizar o litro , medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade.	MTB3.3.1.Coñece e utiliza o litro , medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade.	- CMCT
	B3.4.Coñece as unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB3.4.1.Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais.(En punto, medias e cuartos).	- CMCT
	B3.5.Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	MTB3.5.1.Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situacións reais como figuradas.	- CMCT - CAA - CSC
	B3.6.Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB3.6.1.Resolve problemas sinxelos de medida.	- CMCT - CAA
BLOQUE 4.XEOMETRÍA	B4.2.Nomear un polígono segundo o seu número de lados.	MTB4.2.1.Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.	- CMCT - CAA
	B4.3.Discriminar prismas, pirámides, conos, cilindros e esferas.	MTB4.3.1.Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.	- CMCT - CAA
BLOQUE 5.ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE	B5.1.Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas...comunicando a información.	MTB5.1.1.Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.	- CMCT - CAA

Área de lingua castelá

AREA	LINGUA CASTELÁ		CURSO	1Tr	2Tr	3Tr	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe				Competencias clave
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR							
a c d e	B1.1. Estratexias e normas básicas para o intercambio comunicativo: participación; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos, ideas e coñecementos dos e das demais.	B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.	X	X	X	CCL CAA CSC
			LCB1.1.2. Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas.	X	X	X	CCL CAA CSC
b e	B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que complementen o significado da mensaxe.	B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando, de xeito global, o valor comunicativo destes.	X	X	X	CCL
			LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel.	X	X	X	CCL
a b e	B1.3. Participa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando unha secuencia lineal sinxela.	B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula.	LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: - diálogos -exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.	X	X	X	CCL CD CAA CSC CSIEE
b e	B1.4. Dedución das palabras evidentes polo contexto. Interese pola ampliación de vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas.	B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.	LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.	X	X	X	CCL
			LCB1.4.2. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.	X	X	X	CCL
b d e i	B1.5. Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (produción didáctica, gravacións, medios de comunicación).	B1.5.Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.	X	X	X	CCL CAA
			LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios, regulamentos, folletos....	X	X	X	CCL CAA
			LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.	X	X	X	CCL
b d e i	B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	LCB1.6.1. Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.	X	X	X	CCL CD CAA
			LCB1.6.2. Recoñece de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.	X	X	X	CCL CD CAA

								CSC
b e	B1.7. Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.	B1.7.Reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses.	LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios ou non literarios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.	X	X	X		CCL CAA CCEC
b e	B1.8.Dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias.	B1.8. Dramatizar, de xeito colaborativo, textos infantís.	LCB1.8.1. Adecoa a entoación, o volume e o xesto á representación dramática.	X	X	X		CCL
b e	B1.9. Produción de textos orais breves e sinxelos segundo a súa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	B1.9.Producir textos orais breves, imitando modelos a atendendo á forma e a intención comunicativa.	LCB1.9.1. Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas....	X	X	X		CCL CAA CSIEE
			LCB1.9.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental.	X	X	X		CCL CAA CSIEE
a d e m	B1.10. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	B1.10. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	LCB1.10.1 Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	X	X	X		CCL CSC
a b e	B1.11. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar e preguntar.	B1.11. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.	LCB1.11.1 Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.	X	X	X		CCL CAA CSC CSIEE
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER								
b e	B2.1. Lectura de distintos tipos de texto: próximos á súa experiencia.	B2.1.Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil	LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.	X	X	X		CCL
			LCB2.1.2. Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.	X	X	X		CCL
e	B2.2. Comprensión de textos de diversa tipoloxía, adecuados á súa idade utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.	B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.	LCB2.2.1. Identifica o tema dun texto sinxelo.	X	X	X		CCL CAA
			LCB2.2.2. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	X	X	X		CCL CAA
b e	B2.3. Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións. Identificación de palabras clave. Anticipación de hipótese de significado polo contexto. Recoñecemento básico da tipoloxía textual.	B2.3.Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía	LCB2.3.1.Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto	X	X	X		CCL CAA
			LCB2.3.2. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes	X	X	X		CCL CAA
			LCB2.3.3. Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.	X	X	X		CCL CAA
e	B2.4. Gusto pola lectura.	B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	LCB2.4.1. Dedicar, de xeito guiado, momentos de lecer para a lectura voluntaria.	X	X	X		CCL

	B2.5. Selección de libros segundo o gusto persoal. B2.6. Lectura dos libros establecidos no Plan lector.		LCB2.4.2. Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.	X	X	X	CCL
e i	B2.7. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de información e lecer.	B2.5. Usa, de xeito guiado, a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses	LCB2.5.1. Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre libros do seu interese.	X	X	X	CCL CD CAA
a b e	B2.8. Iniciación á creación da biblioteca persoal.	B2.6. Mostrar interese por ter unha biblioteca propia.	LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros	X	X	X	CCL CSC
a e	B2.9. Identificación das mensaxes transmitidas polo texto.	B2.7. Identifica, con axuda, a estrutura básica de diferentes textos lidos.	LCB2.7.1. Diferenza, con axuda, entre información e publicidade.	X	X	X	CCL CAA CSC
			LCB2.8.1. Formula hipóteses, de xeito guiado, sobre a finalidade de diferentes textos moi sinxelos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos moi redundantes, axeitados á súa idade.	X	X	X	CCL CAA CSC
b e i	B2.10. Uso guiado das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento igualmente guiado, da información.	B2.8. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información	LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.	X	X	X	CCL CD CAA
BLOQUE 3.COMUNICACIÓN ESCRITA.ESCRIBIR							
b e m	B3.1. Producción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades: con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas (informativos, literarios e prescritivos). B3.2. Cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación. B3.3. Aplicación das normas ortográficas axeitadas ao nivel. B3.4. Producción de textos segundo o Plan de escritura do centro	B3.1. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas (informativos, literarios e prescritivos), aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	LCB3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios...	X	X	X	CCL CD CAA
			LCB3.1.2. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos etc	X	X	X	CCL CAA
b e m	B3.5. Valoración da súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	X	X	X	CCL CSC
b e	B3.6. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, xeración de ideas, estrutura...) B3.7. Textualización en frases elementais con secuencia lineal.	B3.3. Aplicar, de xeito guiado, todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura.	LCB3.3.1. Utiliza borradores que amosan a xeración e selección de ideas e a revisión ortográfica na escritura de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal, social e escolar.	X	X	X	CCL CAA CSIEE

	B3.8. Revisión e mellora do texto						
b e i	B3.9. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómic.	B3.4. Elaborar, de xeito guiado, proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área.	LCB3.4.1. Elabora, de forma guiada, gráficas sinxelas sobre experiencias realizadas: plantar fabas, cría de vermes de seda....	X	X	X	CCL CAA
			LCB3.4.2. Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido.	X	X	X	CCL CD CAA
e i	B3.10. Creación de textos utilizando as Tecnoloxías da Información e Comunicación de xeito guiado. B3.11. Produción de textos segundo o Plan de escritura do centro.	B3.5. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación de xeito guiado para presentar as súas producións.	LCB3.6.1. Usa, con axuda, as Tecnoloxías de Información e Comunicación para escribir e presentar textos moi sinxelos.	X	X	X	CCL CD CAA
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA							
b e	B4.1. A palabra. B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras (nome, verbo, adxectivo, pronomes, artigos) Características e uso de cada clase de palabra. B4.3. Tempos verbais: presente, pasado e futuro.	B4.1. Aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua, (categorías gramaticais), para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.1. Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo.	X	X	X	CCL
			LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos.	X	X	X	CCL
e	B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras (nome, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra. B4.4. Vocabulario. Frases feitas. Formación de substantivos, adxectivos e verbos. Recursos derivativos: prefixos e sufixos. B4.5. Recoñecemento dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado	B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua	LCB4.2.1. Utiliza sinónimos e antónimos, polisémicas na expresión oral e escrita.	X	X		CCL
			LCB4.2.2. Forma palabras compostas a partir de palabras simples.		X	X	CCL
			LCB4.2.3. Identifica o suxeito/grupo nominal e predicado nas oracións simples.	X	X	X	CCL
b e	B4.6. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación	B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.3.1. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.	X	X	X	CCL
b e	B4.7. Clases de nomes: comúns e propios. B4.8. As relacións gramaticais Recoñecemento e explicación reflexiva das relacións que se establecen entre o substantivo e o resto dos compoñentes do grupo nominal.	B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.1. Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.	X	X	X	CCL
			LCB4.4.2. Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas	X	X	X	CCL
			LCB4.4.3. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.	X	X	X	CCL
e i	B4.9. Utilización do material multimedia educativo e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade.	B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	LCB4.5.1. Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais.	X	X	X	CCL CD CAA

d e o	B4.10. Identificación das variedades da lingua na nosa comunidade autónoma. Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	B4.6. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.	LCB4.6.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece	X	X	X	CCL CAA
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA							
d e	B5.1. Valoración dos textos literarios como fonte de gozo persoal.	B5.1. Valorar textos como fonte de lecer e información.	LCB5.1.1. Valora de forma global, textos propios da literatura infantil: contos, cancións, poesía, cómics, refráns e adiviñas	X	X	X	CCL CCEC
d e	B5.2. Lectura guiada e comentada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. B5.3. Identificación de recursos literarios.	B5.2. Iniciar a lectura e expresiva de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	LCB5.2.1. Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. LCB5.2.2. Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións)	X	X	X	CCL CAA CCEC CCL CAA
d e	B5.4 Valoración de recursos literarios.	B5.3. Valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.	LCB5.3.1. Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.	X	X	X	CCL CCEC
b e	B5.5 Creación de textos literarios en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións, e teatro.	B5.5. Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos e poemas.	LCB5.5.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.	X	X	X	CCL CAA CSIEE CCEC
a b e	B5.6. Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.	B5.6. Reproducir textos literarios breves e moi sinxelos adaptados á súa idade.	LCB5.6.1. Reproduce textos orais moi breves e sinxelos: cancións e poemas.	X	X	X	CCL
d e	B5.7. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios.	B5.7. Participar con interese en dramatizacións de sinxelos textos literarios adaptados á idade.	LCB5.7.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade.	X	X	X	CCL CAA CCEC CSC
d e o	B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.	B5.8. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.	LCB5.8.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.	X	X	X	CCL CSC CCEC

MÍNIMOS ESIXIBLES

ÁREA: LINGUA CASTELÁ	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS BÁSICAS
BLOQUE 1.COMUNICACIÓN ORAL.FALAR E ESCOITAR.	B1.1.Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	LCB1.1.1.Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.	- CCL - CAA - CSC
	B1.4.Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.	LCB1.4.1.Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.	- CCL
	B1.5.Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe(descriptivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa(informativos, literarios e prescritivos).	LCB1.5.1.Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.	- CCL - CAA
		LCB1.5.3.Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.	- CCL
	B1.9.Producir textos orais breves, imitando modelos e atendendo á forma e a intención comunicativa.	LCB1.9.1.Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos , do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas...	- CCL - CAA - CSIEE
		LCB1.9.2.Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental.	- CCL - CAA - CSIEE
B1.11.Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.	LCB1.11.1.Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.	- CCL - CAA - CSC - CSIEE	
BLOQUE 2.COMUNICACIÓN ESCRITA.LER	B2.1.Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil.	LCB2.1.1.Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.	- CCL
		LCB2.1.2.Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.	- CCL
- Actividades individuais: lectura de textos, actividades específicas de aprendizaxe...
- Distribución por parellas, interclase...

RECURSOS

a) Recursos materiais/organizativos:

- Aula ordinaria
- Aula de informática

- Biblioteca
- Aula de música.
- Gimnasio
- Patio
- Matemáticas: ábaco, reloxo, regletas, figuras xeométricas, tangram,...
- Lengua/lingua: lotos fonéticos ,láminas ,letras...
- Cc.Naturais/cc.sociais: láminas, materiais experimentos

b) Recursos humanos:

- Mestra Titora.
- Audición e linguaxe
- Mestra de Pedagogía Terapéutica.
- Mestra especialista de Inglés.
- Mestre especialista de Educación Física.
- Mestre especialista de Música.
- Orientador centro.
- Equipo directivo.
- Comunidade educativa

c) Recursos impresos e funcionais para o alumnado:

- Libro de texto:
 - Lengua:editorial Santillana
 - Matemáticas:editorial Santillana

- Ciencias Naturais:editorial Santillana

d) Material funxible.

- Folios, cartolinas, xornal, revista .
- Libretas, libros de consulta, fichas
- Lapis, ceras de cores, gomas, pinturas ,etc.
- Tesoiras, pegamento, colas, etc.
- Material reciclaxe
- Os libros de 2º educación primaria son funxibles.

e) Soporte técnico

- Material audiovisual: pizarra dixital, vídeo, imaxes,1 tablet/aula; aula virtual, páxina web, recursos internet/CDs...
- Informático: ordenadores da aula de informática

TEMPORALIZACIÓN

MATERIA	UNIDADES DIDÁCTICAS	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE
Matemáticas	12 unidades didácticas	Avaliación inicial, repaso. Unidades didácticas: tema 1, tema 2, tema 3, tema 4, tema 5	Unidades didácticas: tema 6, tema 7, tema 8, tema 9	Unidades didácticas: tema 10 , tema 11, tema 12
Lengua castellana	12 unidades didácticas	Avaliación inicial Unidades didácticas: tema 1,tema 2,tema 3,tema 4, tema 5	Unidades didácticas: tema 6, tema 7, tema 8, tema 9	Unidades didácticas: tema 10 , tema 11, tema 12
Lingua galega	12 unidades didácticas	Avaliación inicial Unidades didácticas: tema 1,tema 2,tema 3,tema 4, tema 5	Unidades didácticas: tema 6, tema 7, tema 8, tema 9	Unidades didácticas: tema 10 , tema 11, tema 12
Ciencias sociais	6 unidades didácticas	Avaliación inicial Unidades didácticas: tema1,tema2	Unidades didácticas: tema 3, tema 4	Unidades didácticas: tema 5, tema 6
Ciencias naturais	6 unidades didácticas	Avaliación inicial Unidades didácticas: tema 1, tema 2	Unidades didácticas: tema 4, tema 5 ,	Unidades didácticas: tema 7, tema 8, tema 9
Educación artística(plástica)	3 unidades didácticas	Avaliación inicial Unidades didácticas: tema1	Unidades didácticas: tema 2	Unidades didácticas: tema 3
Valores	3 unidades didácticas	Avaliación inicial Unidade didáctica: tema 1	Unidade didáctica: tema 2	Unidade didáctica: tema 3

ÁREAS	HORAS:2ºEDUCACIÓN PRIMARIA
<i>Lingua galega</i>	4
<i>Lingua castelá</i>	4
<i>Matemáticas</i>	5
<i>Ciencias sociais</i>	2
<i>Ciencias naturais</i>	2

<i>Linguas estranxeira, inglés</i>	2
<i>Educación artística</i>	2
<i>Educación física</i>	2
<i>Relixión/Valores sociais e cívicos</i>	2

AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial e todo o proceso de avaliación (de diagnóstico, formativo e sumativo) convértese nun proceso continuo onde a avaliación é unha ferramenta e unha actividade máis da aula, integrada no resto de procesos e onde se mesturan os distintos tipos de avaliación, xa que constantemente se están a tomar decisións de actuación en relación ao desenvolvemento e aprendizaxes de cada neno/-a e actividades de aula, actuais ou previstas, incidindo os seus resultados nesa toma de decisións constante e referencia para programación de aula.

Ao comezo do curso realízase unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave, tendo en conta os informes individualizados do curso anterior, as necesidades atopadas ,entrevistas familia/profesorado, sociograma. Facilitará a toma de decisións relativas ao currículo e para a súa adecuación ás características e coñecementos do alumno/-a.

Un dos instrumentos serán probas específicas escritas individuais . Para iso explicaranse pautas, en silencio e favorecendo a concentración. Diseñaranse diferentes probas para avaliar: comprensión/expresión , cálculo, números, lóxico-matemática, procesos cognitivos e perceptivos, lateralidade, orientación e estruturación espacial, estilo de aprendizaxe, relación social , escritura, lectura, ditado, vocabulario...

Estas **probas específicas** son instrumentos:

- **cualitativos**: observación directa e sistemática (xogos, diálogo, fichas, comportamento...), análise de producións, observación de logros, entrevistas, avaliación curso anterior...
- **cuantitativos**: probas orais e escritas .

No caso de incorporación tardía ao grupo, faránselle estas probas, modificadas nalgún caso segundo necesidades e igualdade de condicións que os demais. Como consecuencia do resultado da avaliación inicial adoptaranse as medidas pertinentes de apoio e recuperación para os alumnos/-as. Esta avaliación é un punto de partida, os resultados non son una nota para cualificar ao alumno , senón que servirán como instrumento de diagnóstico para unha posterior intervención.

Os **obxectivos** son :

- Detectar as características do alumnado ao comezar .
- Saber que alumnos teñen dificultades de aprendizaxe dende o principio de curso e cales son as súas carencias.
- Informar ás familias sobre a situación inicial dos seus fillos para implicalas no proceso educativo.

Estas probas recollerán información sobre os estándares de aprendizaxe e os seus resultados individuais servirán para establecer decisións de carácter xeral tanto en metodoloxía empregada, como uso de espazos, tempos e actividades de aula en relación a itinerario persoal de aprendizaxe de cada neno/-a. Recollerase a avaliación inicial nos distintos documentos e programas. Trasladarase de xeito individualizado información do alumnado.

Tamén haberá unha avaliación inicial permanente antes de cada proposta didáctica. O importante é ver en cada momento a situación do neno/-a respecto ó seu proceso de aprendizaxe para facilitalo respectando os seus ritmos, as súas capacidades e o desenvolvemento das súas intelixencias e competencias e este proceso terá consecuencias nas decisións que tomaremos sobre o neno/-a , como na actividade que se estea propoñendo ou realizando en cada momento para adaptala ás súas capacidades.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A cualificación da avaliación inicial será en relación aos estándares de aprendizaxe. A información facilitada ás familias será simplemente en relación a aspectos a mellorar ou acadar as competencias e coñecementos.

Desenvolver unha programación didáctica aberta, flexible e adaptada á realidade de cada momento, con propostas metodolóxicas activas e participativas, e baseada en competencias, require de ferramentas que permitan observar a evolución do alumnado nos seus logros educativos e poder sinalar que saberes e faceres teñen lugar e cales son necesarios introducir en cada momento para completar o currículo académico do noso alumnado, así como para poder cualificar o seu nivel de desenvolvemento, tendo presente que o obxecto da avaliación será:

- + valorar o nivel de progreso acadado polo alumnado en: desenvolvemento das competencias básicas e grao de dominio dos coñecementos adquiridos.
- + establecer pautas e criterios para: a mellora do ensino, a concreción e desenvolvemento dos currículos e a atención á diversidade. Polo que a evolución dos progresos do alumno deberá ter un carácter continuo, global e formativo tendo en conta a situación inicial do alumnado e atendendo á diversidade de capacidades, actitudes, ritmos e estilos de aprendizaxe. como a autoavaliación polo seu valor formativo.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das disciplinas serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis. Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A **avaliación das competencias clave** está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora. Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

➤ ÁREAS: LENGUA, LINGUA, MATEMÁTICAS, CC. SOCIAIS, CC. NATURAIS:

AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CORRECCIÓN
<i>Grao de consecución dos criterios de avaliación establecidos na programación (terase en conta contidos e competencias básicas)</i>	60%	<ul style="list-style-type: none"> - Probas orais e/ou escritas, gráficas. - Observación sistemática - Análise das producións dos alumnos - Fichas de seguimento - Rúbricas - Portfolio... 	<p>Nas probas escritas asígnase puntuación a cada apartado.</p> <p>Nas probas orais empregaranse rúbricas cos indicadores.</p>
<i>Interese/esforzo (participación nas actividades de clase, actitude cara as tarefas, perseverancia no traballo diario)</i>	20%	<ul style="list-style-type: none"> - Diario de clase - Rexistros anecdóticos - Cuestionarios abertos, pechados e mixtos, listas de control. - Observación directa 	Cada tarefa , segundo escrita ou oral , con indicadores.
		<ul style="list-style-type: none"> - Cadernos de aula - Actividades desenvolvidas na aula. - ... 	
<i>Hábitos (traballo persoal: autonomía, atención, orde e limpeza , ritmo de traballo , traballo en grupo , cumprimento de normas: conduta persoal , relacións interpersoais).</i>	20%	<ul style="list-style-type: none"> - Observación directa - Cadernos de aula - Actividades - Diario de aula - Rexistro anecdótico - ... 	

➤ ÁREAS EDUCACIÓN ARTÍSTICA(PLÁSTICA):

AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Aptitud :50%	Creatividade: 30% Calidade: 10% Presentación: 10%	<ul style="list-style-type: none"> - Observación sistemática - Análise das producións dos alumnos - Rúbricas. - ...
Actitud :50%	-Actividades realizadas: 30% -Interese,esforzo,comportamento:20%	<ul style="list-style-type: none"> - Diario de clase - Rexistros anecdotarios - Análise producións - Observación - Actividades desenvolvidas na aula. - ...

➤ ÁREA DE VALORES:

AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
<p>Grao de consecución dos criterios de avaliación establecidos na programación (terase en conta contidos e competencias básicas)</p>	<p>40%</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Observación sistemática - Análise das producións dos alumnos - Fichas de seguimento - Rúbricas. - Debates - Entrevistas - ...
<p>Interese/esforzo (participación nas actividades de clase, actitude cara as tarefas, perseverancia no traballo diario)</p>	<p>30%</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Diario de clase - Rexistros anecdóticos - Cuestionarios abertos, pechados e mixtos, listas de control. - Observación directa - Cadernos de aula - Actividades desenvolvidas na aula. - ...
<p>Hábitos (traballo persoal: autonomía, atención, orde e limpeza , ritmo de traballo , traballo en grupo , cumprimento de normas: conduta persoal , relacións interpersoais).</p>	<p>30%</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Observación directa - Cadernos de aula - Actividades - Diario de aula - Rexistro anecdótico - ...

PROCEMENTOS DE AVALIACIÓN:

- ✓ Observación directa o traballo diario
- ✓ Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación
- ✓ Valoración cuantitativa do avance individual/colectivo
- ✓ Valoración cualitativa do avance individual/colectivo
- ✓ Outros

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- Rúbricas
- Portfolio
- Rexistro anecdotario
- Probas de avaliación
- Observación directa: condutas (xogos, debates, saídas,...), exposición oral, debates para resolución de problemas...
- Entrevista (individual/grupal)
- Conversa → Revisión das producións dos/-as alumnos/-as
- Autoavaliación
- Titorías con pais
- Análise do traballo diario

- Diario de aula
- Escalas de observación
- ...

RESULTADOS

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.
- Os resultados da avaliación das competencias clave reflectiranse na acta de avaliación final de cada curso, expresándose nos termos de «Insuficiente (IN)», para as cualificacións negativas, e «Suficiente (SU)», «Ben (BE)», «Notable (NT)» ou «Sobresaliente (SB)», para as cualificacións positivas.
- A nota de educación artística é a media aritmética de música e plástica.

Cualificación de alumnos/-as con faltas de asistencia:

Nos casos dos alumnos con faltas de asistencia ocasionais manteranse os criterios xerais detallados arriba. Nos casos dos alumnos absentismo , con faltas de asistencia intermitentes pero constantes, cualificaranse todas as áreas con insuficientes se esas faltas superan o 25% dos días lectivos do trimestre. No caso dos alumnos que , por diferentes causas , auséntanse do centro por longas tempadas, cualificaranse todas as áreas con insuficiente se a súa ausencia supera o 40% dos días lectivos do trimestre .

En calquera caso, se o alumno se atopa no centro no momento de fixar as cualificacións, poderá realizar unha proba para demostrar que conseguiu os obxectivos programados para o trimestre e que conseguiu as competencias correspondentes.

PROMOCIÓN

-O alumno ou a alumna accederá ao curso seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.(O. 25 xaneiro 2022).

-O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

-O alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.

-Non se promociona con::

- ✚ dúas materias suspensas de lingua, lingua ou matemáticas
- ✚ tres materias suspensas.

AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

-A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe.

-Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación.

DESEÑO E ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación continua para ver a evolución dos contidos e competencias nas avaliacións pendentas e aquelas actividades de recuperación a preparar a fin de que se acaden os obxectivos. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo. Haberá actividades de reforzo e ampliación para o alumnado con necesidades educativas(específicas de apoio educativo).

No caso do alumnado que non flexibiliza, recibe un plan de apoio centrado en actividades de recuperación, utilizando fichas de reforzo e con metodoloxía adaptada, apoio na aula, adaptando tempos de traballo .

Vaise partir do principio de individualización do ensino. Empregarase unha metodoloxía que permita diferentes ritmos de aprendizaxe. Aprendizaxe significativo .

- Pautas e orientacións ás familias.
- Contacto con orientación, tanto xefe departamento coma profesorado de apoio para desenvolver as habilidades adecuadas a

través de actividades para acadar obxectivos educativos.

- Tarefas de reforzo específicas/xerais para fomentar hábitos de estudo na casa e consolidar aprendizaxes.

ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Para apoiar ao alumnado que non acada as competencias básicas ou presenta dificultades puntuais de aprendizaxe: reforzo de áreas instrumentais básicas, reforzo e recuperación de aprendizaxes non adquiridas, plans específicos para alumnado que non promocióne de curso.

A través de: actividades en ficha, actividades de xogo, con pizarra dixital, organización, ordenador...a fin de acadar os obxectivos propostos no curso escolar. Tarefas propostas en colaboración co departamento de orientación nas necesidades educativas atopadas. Tendo en conta diferentes espazos e tempos adecuados ao alumnado. A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Actuacións:

-Co alumnado:

- Actividades de ampliación/reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Mellorar técnicas e hábitos de estudo.
- Habilidades sociais.
- Mellorar mecánica e comprensión lectora.
- Estratexias motivación do alumno/-a.
- Estratexias mellora cálculo e resolución de problemas.
- Acadar adecuada lectoescritura.

-Coa familia:

- Importancia das tarefas escolares na casa
- Estimulación lectura, axuda estudos

- *Medidas metodolóxicas:*

- Adecuación de obxectivos: priorizar, variar temporalización...
- Organización de contidos
- Aprendizaxe cooperativo e individualizado
- Fomento participación alumnado
- Cambios na secuenciación das aprendizaxes.
- Combinar diferentes tipos de actividades
- Elaboración de materiais
- Ensino titorado
- Adaptación do ritmo de aprendizaxe, flexibilizar tempos
- Reforzar o relativo a valores e determinadas capacidades de tipo afectivo.
- ...

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

*A atención á diversidade témola en conta sempre partindo do que a lei establece , **Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*** A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de

diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar. Os mecanismos de reforzo, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Entre as medidas indicadas na epígrafe anterior considéranse as que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerase polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.

Sen prexuízo da permanencia durante un curso máis na etapa, prevista no artigo 20.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais na etapa de educación primaria nos centros docentes ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a súa integración socioeducativa.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería competente en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas. Os plans de actuación, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais, permitirán desenvolver ao

máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o daquel alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

Para o alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfasamento e que lle permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.

MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO E DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 8. Medidas ordinarias.

1. No marco deste decreto, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

2. Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensinanza, entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- f) Desdobramentos de grupos.
- g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- h) Programas de enriquecemento curricular.
- i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- j) Programas de recuperación.
- k) Programas específicos personalizados.
- l) Programas de habilidades sociais.

Artigo 9. **Medidas extraordinarias.**

1. No marco deste decreto, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

2. Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

3. Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensinanza e da limitación dalgunha a ensinanzas ou etapas específicas, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen:

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Programas de diversificación curricular.
- f) Programas de cualificación profesional inicial.
- g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- h) Grupos de adquisición das linguas.
- i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

PAUTAS DE ACTUACIÓN NA AULA

- Adecuación da cantidade e o grao de dificultade das tarefas.
- Adopción de medidas que faciliten a súa organización persoal (uso de axenda adaptada, horario, carteis).Aumentar atención:

contacto visual, motivación...

- Ampliación, reforzo
- Rutinas aula
- Uso TICs

Lectoescritura:

- Emprego de apoios visuais como a asociación imaxe -grafía.
- Reforzo das habilidades de conciencia fonolóxica.
- Adecuación do ritmo de acceso á lectoescritura.
- Reforzo da motricidade fina e grosa.
- ...

Matemáticas:

- Material manipulativo .
- Simplificación dos enunciados , empregando frases sinxelas ,etc.
- Emprego de cadros para a resolución que lle permitan organizar a información....

Pautas específicas para favorecer o desenvolvemento social:

- Ofrecer apoios actividades grupo: favorecer a súa participación espontánea...
- Enriquecemento das súas habilidades sociais: desenvolvemento de competencias de xogos e sociabilidade(comprensión de normas, control do tempo, mellora da inflexibilidade).
- Técnicas de modificación de conduta
- Colaboración coas familias: información, pautas...

ELEMENTOS TRANVERSAIS

Os elementos transversais atópanse recollidos no artigo 11 , capítulo I do Decreto 105/2014 , polo que se establece o currículo de

Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

“Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúñas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaránse en todas as disciplinas”.

Distribución por áreas:

- ✓ Atención á diversidade: calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de discapacidade.(Todas as áreas)
- ✓ Igualdade entre homes e mulleres, e non discriminación entre persoas. Prevención e resolución pacífica de conflitos. Fomento do respecto dos dereitos humanos, pluralismo e democracia. Prevención da violencia de calquera tipo (Todas as áreas)
- ✓ Incorporación contidos curriculares sobre: desenvolvemento sostible e o medio ambiente, explotación, risco TICs, protección emerxencias... (Todas as áreas)
- ✓ Incorporación de elementos curriculares para o desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor e fomento de actividades para iso baseadas en creatividade, autonomía, iniciativa e traballo en equipo.(Todas as áreas)
- ✓ Fomento da actividade física e deportiva diaria, dunha dieta equilibrada , favorecendo vida activa, saudable e autónoma.(Ciencias da natureza, Educasaúde, valores)
- ✓ Fomento da educación e a seguridade vial. Coñecemento e respecto das normas, favorecendo a convivencia.(Todas as áreas)

Formulación detallada:

- *Comprensión lectora:* un dos grandes obxectivos que orienta todas as áreas de Educación Primaria. Abórdase dende: a importancia da lectura para o estudo, autonomía no traballo(desenvolver habilidades de velocidade lectora, comprensión literal, comprensión inferencial e estrutural e capacidades para reelaboración da información),textos sobre os que aprenden. Destrezas básicas que aporta: recoñecemento de tempo/lugar, identificación/análise personaxes, recoñecemento acción, expresión opinións persoais, identificación tema/idea principal, análise estrutura texto, interpretación da información visual, organización información

aportada, identificación detalles do texto.

- *Expresión oral/escrita*: situacións de intercambio comunicativo, forma/modo expresión, explicación de coñecementos, expresión de opinións, definición de conceptos. Escritura: coidado presentación letra clara, revisión, comezar maiúscula, rematar con punto, borrador, limpeza, organización segundo tipo texto...
- *Comunicación audiovisual*: variedade de recursos que busquen comprender/recoller información do soporte audiovisual, analizar dita información e elementos de contido, elaborar información.
- *Tecnoloxías da Información e a Comunicación*: información (identificar, localizar, recuperar, organizar, analizar, avaliar finalidade), comunicación (conciencia intercultural, participar, interactuar),seguridade (protección persoal, uso seguro e sostible),resolución de problemas (identificar necesidades e recursos dixitais, resolver problemas a través dos medios dixitais, uso creativo da tecnoloxía...).
- *Emprendemento*: coñecemento (recoñecer actividades profesionais, comprensión da organización da sociedade...),destrezas (análise, planificación, toma de decisións, resolución de problemas, participación,...),actitudes e valores(autoestima, autonomía, actuar de forma creadora, interese, esforzo, iniciativa...).Actividades de chuvia de ideas, traballo en grupo...
- *Educación cívica e constitucional*: capacitar para construír autoconcepto axustado, boa autoestima, empatía, respecto, tolerancia, cooperación,...Hábitos: saúde, despedida, hixiene...
- *Traballo cooperativo*: actividades para poñer en xogo ideas, coñecementos e actitudes para alcanzar un obxectivo de análise de situacións reais.
- *Educación en valores*: coñecer / valorar á persoa polas súas características, posibilidades, limitacións; actuar con liberdade e autonomía correspondentes á súa idade en situacións diarias; respectar a liberdade/autonomía dos demais; responsabilidade; comportamentos con honestidade...;colaboración; pertenza sociedade; tolerancia;...

Todos estes temas transversais veñen implícitos nas unidades didácticas desenvolvidas na programación didáctica. Ao mesmo tempo trataranse algúns mediante actividades extraescolares e complementarias, para sensibilizar e fomentar estes aspectos vinculados a

elementos de carácter transversal. Nas diferentes unidades de educación primaria, atópanse: educación vial, comprensión lectora , expresión oral/escrita , recursos TIC, igualdade , resolución de conflitos, pluralidade, medio ambiente, espírito emprendedor ,

Ao mesmo tempo a metodoloxía desenvolvida na aula educa en valores, por exemplo utilizando contos de valores (en diversos formatos: texto, dixital, debuxo ...) ou traballando normas e comportamentos na aula, consensuados.

→ INCORPORACIÓN DAS TICS NA AULA: actividades tic, actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe. Recursos interactivos da nosa web, ligazóns de actividades, aula virtual, internet...

→ ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR:

- lectura: lecturas do libro, outros textos (biblioteca, carteis, soporte dixital...), textos orais ou acompañados de imaxes/audio...
- expresión: exposición oral/escrita (aprendizaxe, razoamentos...), actividades de grupo, planificación, revisión, expresión escrita en papel/pantalla/imaxes: postais, noticias
- estratexias de animación á lectura: animación á lectura (apadriñamento, contacontos, títeres...), lectura en voz alta diaria/silenciosa, escoitar narracións, renovar libros na biblioteca, lectura imaxes/gráficas, traballo canción/poesía...

→ ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO:

- situación do alumnado (maioritariamente castelán falantes),
- situación do profesorado (convivencia profesorado que emprega galego ou castelán en entornos fóra do contexto educativo),
- obxectivo xeral (que o alumnado aumente o uso habitual do galego e comprenda)
- obxectivos específicos (ser quen de manter unha conversa en galego, ler en galego con fluidez, ampliar vocabulario en galego, ser quen de expresarse por escrito en galego).

→ ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO:

Co obxectivo fundamental de fomentar a convivencia no centro centrámonos en tres eixes:

- coidado da persoa (acadar o benestar emocional nos nosos alumnos)
- coidado do entorno (escola aberta e integrada no entorno)
- coidado das relacións (coas familias, persoal do centro, profesorado-alumnado e entre todo o alumnado).

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A educación non se realiza exclusivamente dentro da aula. Por iso as actividades extraescolares, tanto de saídas como de participación doutras persoas na aula teñen tanta relevancia. Por outra banda destacamos tamén os momentos e celebracións máis sinaladas ao longo do curso.

Actividades extraescolares.

- Biblioteca Sagrada Familia
- Teatro
- Museo Belas Artes
- Cine
- Outras que poidan xurdir (Concello, outras entidades)

Actividades complementarias

- Samaín/Halloween
- Magosto
- Día de Rosalía

- Nadal
- Día Escolar da non Violencia e da Paz
- Entroido
- Día Internacional da Muller
- Semana do Libro
- Letras Galegas
- Festa Fin de curso

MECANISMOS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS

Avaliación da práctica docente: no proceso de avaliación non só avaliar o progreso dos/-as alumnos/-as senón a nosa práctica docente, da que avaliaremos (indicadores de logro):

- adecuación entre obxectivos , competencias básicas e contidos.
- interacción profesor-alumno
- clima comunicativo establecido na aula
- adecuación das actividades propostas e materiais empregados
- planificación das tarefas: tempos/medios
- organización e coordinación do equipo
- relación/implicación membros comunidade educativa .

Ao final de cada trimestre, revisarase a programación e valorarase para facer as modificacións e adaptacións necesarias, mantendo sempre o proceso continuo de revisión e valoración cando se desenvolva algunha das actividades e estratexias.